



UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
 D^a. Josefina Álvarez Andrés (CC.OO)
 D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D^a. Fátima Arias Novoa
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D. Victor Cardador González
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. José Cidrás Pidre
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Enrique Costas González
 D. Guillermo De Oca Cancela
 D^a. M^a del Carmen De Arriba Pérez
 D. José Durany Castrillo
 D^a. Iria Estévez González
 D. Manuel Fernández Areal
 D. José Ramón Fernández Bernárdez
 D. Manuel Fernández Cruz
 D^a. Xiana Fernández Rodríguez
 D. José Manuel Gil Villanueva
 D. Alejandro González Fontenla
 D. Luis Gude Troitiño
 D. Manuel Gutiérrez Nieto
 D. David Irago Abalde
 D. Miguel Loureiro Blanco
 D. Gonzalo Marino González
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesias
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. Candido Pérez Betanzos (CIG)
 D. Luis Pérez Gómez
 D^a. Nikole Pérez Mato
 D. José Pose Blanco
 D. Manuel J. Reigosa Roger
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Xoan Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. Juan Carlos Surís Regueiro
 D. José Tojo Suárez
 D. Federico Vilas Martín

DESCULPA A ASISTENCIA

D. Luis Espada Recarey

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
 Goberno da Universidade de Vigo, de vinte de
 xuño de dous mil, ás 9:30 horas en primeira
 convocatoria e ás 10 horas en segunda, na Sala
 de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de
 Telecomunicación

O martes, **día 20 de xuño de 2000**, ás
 9:30 horas, comezou a sesión ordinaria da
 Xunta de Goberno co obxecto de tratar os
 seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (12-05-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, da Relación de Postos de Traballo de Persoal Funcionario para o ano 2000.
- 4.- Aprobación, se procede, da Relación de Postos de Traballo de Persoal Laboral para o ano 2000.
- 5.- Aprobación, se procede, das normas de Xestión Académica.
- 6.- Aprobación, dos planos de estudio das diplomaturas en Educación Infantil (Pontevedra e Ourense), en Educación Primaria (Pontevedra e Ourense), en Educación Física (Pontevedra), en Educación Especial (Ourense) en Lingua Estranxeira (Ourense) e en Educación Musical (Pontevedra). Planos de estudos de Licenciado en Belas Artes e en Química. Planos de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Química Industrial, Electricidade, Electrónica Industrial e Mecánica)
- 7.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, visitantes, transformacións e permisos.
- 8.- Acordo sobre profesores PP1.

- 9.- Aprobación, se procede, do calendario do curso académico 2000-2001.
- 10.- Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Escola Superior de Enxeñería Informática.
- 11.- Proposta de cambio de nome do Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.
- 12.- Aprobación, se procede, dos Premios Extraordinarios Fin de Carreira.
- 13.- Proposta de nomeamento de membros do Instituto de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de La Maza".
- 14.- Convocatoria de prazas e bolsas nas residencias universitarias.
- 15.- Elección para cubrir as seguintes vacantes nas Comisións Delegadas de Xunta de Goberno (sector estudantes): Comisións de Asuntos Económicos:1, Comisión de Investigación:1, Comisión de Docencia:1, Comisión de Planificación:2, Comisión de Estudiantes: 2
- 16.- Rogos e preguntas

Punto 1. Acta 12-05-2000

Apróbase por asentimento coas alegacións do Sr. Santamaría Conde e da Sra. Estévez González que se recollen na redacción definitiva.

Punto 2. Informe do Rector.

Neste punto, o Rector informa sobre:

- As licencias municipais para a posta en marcha das obras en Lagoas-Marcosende, que emitirá en breve a Xerencia de Urbanismo.
- O amoblamento dos novos edificios de Dereito-Empresariais en Ourense e de Ciencias Sociais de Pontevedra, que estará ultimado antes do inicio do vindeiro curso.
- A creación, por acordo do Consello da Xunta, da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Minas.
- As convocatorias de Claustro (en sesión ordinaria o 6 de xullo e en sesión extraordinaria o 12 de xullo).
- A presentación do libro da Universidade e do diario dixital (DUVI).
- A constitución, no mes de maio, da Comisión que vai elaborar o informe Universidade 2000.
- A invitación da Universidade de Santiago para que a Universidade de Vigo se integre na sociedade Unirisco.
- A reunión do día 21 de xuño da xunta xeral de accionistas de Cidade Universitaria, S.A., na que se fará efectiva a integración na mesma da Diputación Provincial.

Por último, anuncia que non será necesario levar a cabo as eleccións previstas no punto

15 da orde do día por non terse presentado máis candidatos que postos a cubrir. Tamén informa de que varios membros da Comunidade Universitaria manifestaron o desexo de intervir nesta Xunta de Goberno (O Sr. Gómez Reboiro, Presidente en funcións da Xunta de Persoal, no punto 3; o Sr. Pérez Betanzos, Presidente do Comité Intercentros, no punto 4; os profesores Hernández Sánchez, Traveso Pardo, Fontenla Formoso, Bravo Bernárdez, Legido Soto, Sánchez Bermúdez e González Piñeiro, no punto 6).

Punto 3.- Relación de Postos de Traballo de Persoal Funcionario para o ano 2000.

Intervén o Rector para manifestar que de acordo co desexo do equipo de goberno de que sexa deseñada unha estrutura do persoal que avance no camiño da profesionalización da xestión, preséntase nesta Xunta de Goberno a relación de postos de traballo do persoal funcionario na que destacan os seguintes aspectos:

- Consolidación no Campus de Vigo da implantación dunha estrutura baseada no establecemento de áreas diferenciadas de xestión académica e económica, agrupando os centros por ámbitos, baixo a dirección e coordinación dun administrador de centros.

- Maior atención a Biblioteca Universitaria cunha redefinición das actuais bibliotecas de centro e a creación de bibliotecas centrais de campus en Ourense e Pontevedra.

- Fortalecemento do apoio á investigación coa creación dun servizo específico.

- Inicio da creación de unidades administrativas conxuntas en Centros e Departamentos.

- Potenciación nos Campus de Ourense e Pontevedra das funcións dos administradores de Centros.

- Fortalecemento da xestión económica mediante o aumento dos efectivos e a mellora dos procedementos.

Por último mostra o seu agradecemento a todos aqueles que tomaron parte no proceso de negociación polo traballo realizado.

O profesor Rodríguez Berrocal dí que tal como está presentada a documentación non se sabe que prazas son novas nin se coñece o seu custo e que no fondo do tema hai cuestións de política universitaria que deberían terse consultado. Engade que se sente incapaz de opinar se a RPT é boa ou mala e terá que absterse.

O Sr. Xerente explica que hai en téminos netos 32 prazas novas e que o custo total pasa a ser de 944 millóns de pesetas, sendo o incremento neto de 174 millóns de pesetas.

O profesor Tojo pregunta se hai prazas condicionadas ó rendemento. Respóndese que non.

Sométese a RPT a votación:

A favor 21 votos.
 En contra 0 votos.
 Abstencións 11 votos.

Apróbase a Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servicios para o ano 2000. (Anexo I).

Punto 4.- Relación de Postos de Traballo de Persoal Laboral para o ano 2000.

Intervén o Rector e indica que a Relación de Postos de Traballo do Persoal Laboral de Administración e Servicios que se somete a aprobación da Xunta de Goberno, intenta mellorar a profesionalidade e competencia dos traballadores e ten como aspectos máis salientables os seguintes:

- Creación dunha nova categoría no ámbito da Biblioteca Universitaria, a de Técnico Especialista de Bibliotecas.
- Incremento das dotacións de persoal técnico no camiño dunha progresiva profesionalización da ORI, CACTI, Oficina I+D, Deporte e Extensión Universitaria.
- Creación de novas categorías de Servicios Xerais.
- Asignación dun técnico especialista a tódolos departamentos experimentais en quendas de mañá e tarde.
- Posta en funcionamento do Servico de Prevención de Riscos Laborais.
- Creación dunha categoría única de transporte e distribución.

Por último agradece o traballo realizado na negociación desta RPT.

O Sr. Xerente explica que o incremento neto do custo é de 84 millóns de pesetas e que esta RPT non contempla a relativa ó persoal informático, que está pendente de revisión.

O Sr. Pérez Betanzos indica que hai un erro na pax. 2 (onde dí Técnico Especialista en Actividades Deportivas, debe dicir Técnico Especialista en Instalacións Deportivas).

O profesor Rodríguez Berrocal pregunta polo número de prazas novas. O Sr. Xerente responde que son 38 prazas.

O profesor Tojo advirte do perigo de consolidar prazas por obxectivos.

O profesor Pose pregunta polas prazas de xardiñería e o Sr. Xerente responde que desaparecen as actuais prazas de xardiñería creándose outras de máis cualificación.

Sométese a RPT a votación:

A favor 21 votos
 En contra 0 votos
 Abstencións 19 votos.

Apróbase a Relación de Postos de Traballo do Persoal Laboral de Administración e Servicios. (Anexo II)

Punto 5.- Normas de Xestión Académica.

Estando ausente o Vicerrector de Organización Académica, intervéñ en primeiro lugar o profesor Costas, en representación da COAV, para indicar as seguintes modificacións propostas pola mesma:

- Na páxina 16, debe dicirse que a traducción oficial de documentos ten que facerse ó castelán ou ó galego.
- Na páxina 25, a mención ó punto 11.5 é incorrecta xa que se refire ó punto 12.5.
- Na páxina 26, proponse que o prazo de modificación de actas sexa de tres meses. Acéptanse.

O Sr. Carpintero propón:

- Que no artigo 6.1 a mención de 300 créditos se cambie por "número de créditos da titulación en España". Acéptase.
- Que na páxina 18, no apartado relativo a taxas por adaptacións e validacións, no caso de planos de estudio en extinción se abone por validacións de materias o 25% do 25% dos dereitos de exame. Acéptase.
- Que o primeiro apartado do artigo 13.1 quede redactado como segue: "será de aplicación o establecido no artigo 206, puntos 2, 3 e 4 así como na disposición transitoria undécima dos Estatutos da Universidade de Vigo". Acéptase.

O profesor Corbacho propón unha mellor redacción do apartado relativo a adaptacións do artigo 1.2, que se acepta. Indica tamén que habería que facer axustes coa normativa de permanencia para que da lectura de ambas se saquen as mesmas conclusións.

O profesor Tojo tamén advirte de incompatibilidades entre esta normativa e a de permanencia e pregunta se o Consello Social pode cambiar a normativa.

O Rector aclara que a normativa de permanencia aínda non está vixente e que hai que estudar se xurídicamente, o Consello Social pode facer modificacións.

O profesor Suárez Creo aclara que non hai contradicción entre ambas, xa que esta é unha normativa de xestión.

O profesor Corbacho propón que non se aprrobe agora esta normativa e se espere á aprobación da normativa de permanencia.

O Rector di que estas normas de xestión deben ser hoxe sometidas a aprobación e suxire que cando esté vixente a normativa de permanencia, se amplíe e complete a redacción dalgúns artigos para que a información sexa completa e coherente.

A Sra. Estévez da lectura ó seguinte escrito:

Os Sres. Mazaira e Costas indican que as alegación de tipo técnico que figuran nese escrito xa foron recollidas pola COAV.

A Sra. Corbacho Suso propón eliminar "por delegación rectoral" no último parágrafo da páxina 22. Acéptase.

Indica que a redacción dos artigos 3.1.b) e 12.6 é pouco clara.

No caso do artigo 3.1.b, (segundo parágrafo), o Rector propón a seguinte redacción:

"Cando a diferenza sexa superior a 2 créditos a posible adaptación corresponderá á Comisión de Validacións do Centro".

No caso do artigo 12.6 propón que na última liña da páxina 23, se diga **tres** en lugar de **dous** supostos, que o segundo suposto se redacte como "non prestación do servicio" e que se elimine o terceiro suposto. Acéptanse.

O profesor Reigosa di que este é un documento xa supervisado polos servicios e que non convén que se retrase xa que novos Decretos esixen nova regulamentación.

A Sra. Estévez di que o último parágrafo do artigo 7.1.1 debe figurar como unha disposición transitoria ó final do documento. Acéptase.

Tamén propón que as actas de exames deben ser entregadas no rexistro do Centro.

O profesor Membiela dí que esa proposta aumentaría a burocracia e non melloraría o procedemento.

Asimesmo, a Sra. Estévez propón que no apartado 13.5, na páxina 26, se cambie "notas cualitativas nas diferentes convocatorias" por "nota cualitativa da última convocatoria". Nese sentido, o Rector propón que quede a redacción como está e que se compromete a consultar ó Servicio de Alumnado para que se estudie se é posible dispor dun expediente abreviado onde non figuren os non presentados.

A Sra. Estévez, en relación co artigo 14, propón que so se esixa ter superados os créditos troncais.

Sométese esta proposta a votación:

A favor do texto	20 votos.
A favor da proposta	19 votos.
Abstencións	1 voto.

Mantense o texto.

Por último vótase todo o documento cos cambios xa introducidos.

A favor 24 votos.
 En contra 1 voto.
 Abstencións 16 votos.

Apróbanse as normas de xestión académica. (Anexo III).

Punto 6. Aprobación de planos de estudio.

- Planos de estudio das diplomaturas en Educación Infantil (Pontevedra e Ourense), Educación Primaria (Pontevedra e Ourense), Educación Física (Pontevedra), Educación Especial (Ourense), Lingua Estranxeira (Ourense) e Educación Musical (Pontevedra).

O profesor Costas explica que o Departamento de Filoloxía Galega e Latina presentou unha alegación ós planos de estudio de Ourense, indicando que é obrigatorio que figure unha materia obrigatoria de Lingua Galega ó abeiro do establecido na Lei de Normalización Lingüística. Esta alegación foi admitida a trámite pola COAV (tralo oportuno informe xurídico) e remitida á Xunta de Titulación que non aceptou a correspondente modificación.

O Rector di que a xuízo da COAV, non se cumpre a legalidade. O profesor Piñeiro (Director da Escola de E.X.B. de Ourense) non comparte esa interpretación.

A profesora Alonso Escontrela (Decana da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra) di que no seu Centro foron aceptadas as propostas de cambio feitas pola COAV e que non hai motivo para dilatar este tema. Trátase de planos de estudio que melloran os anteriores e non debe demorarse a súa aprobación.

Os profesores Araujo, Mazaira e Membiela, fan precisións sobre varios aspectos dos planos: adscricións, materias obrigatorias, optativas, etc.

O profesor Reigosa di que podería darse a oportunidade para que se modifiquen con urxencia os planos de Ourense para que poidan levarse ó Claustro o día 6 de xullo.

O profesor Araujo propon que se retiren tódolos planos de estudio de Educación infantil e de Educación Primaria (Ourense e Pontevedra).

O Rector e a profesora Alonso Escontrela opinan que non debe demorarse a aprobación dos planos de Pontevedra e que se lle de un prazo ós de Ourense para que se axusten ás propostas da COAV.

Sométese a votación a proposta do profesor Araujo:

A favor 6 votos
 En contra 23 votos
 Abstencións 14 votos.

Non se retiran.

Sométense a votación os planos de estudio de Pontevedra que figuran na orde do día:

Educación Infantil (Pontevedra):

A favor	25 votos
En contra	2 votos
Abstencións	16 votos

Apróbase.

Educación Primaria (Pontevedra):

A favor	25 votos
En contra	2 votos
Abstencións	16 votos

Apróbase.

Educación Física (Pontevedra):

A favor	27 votos
En contra	0 votos
Abstencións	17 votos

Apróbase.

Educación Musical (Pontevedra):

A favor	27 votos
En contra	0 votos
Abstencións	16 votos

Apróbase.

Ademáis, o Rector propón que se delegue na COAV para que analice as reformulacións dos planos de Ourense (acordo cos planos de Pontevedra nas troncais e obrigatorias) e para que sexan levados ó Claustro:

A favor	26votos
En contra	3 votos
Abstencións	11 votos

Apróbase a proposta.

O profesor Piñeiro pregunta si se poden aumentar as optativas e o Rector lle responde que si.

Planos de estudios de Licenciado en Belas Artes.

Este plano de estudios foi retirado da Xunta de Goberno do día 13 de abril de 2000 por exceder o número de créditos do total permitido.

Unha vez devolto á Xunta de Centro, foi revisado o plan e neste momento excede en 3 créditos o estipulado na normativa.

A COAV propón que se hai un asentimento grande na Xunta de Titulación, non debe rexeitarse por 2 ou 3 créditos.

O Decano da Facultade de Belas Artes intervén na Xunta de Goberno para defender o plano proposto. Di que un exceso de 3 créditos é insignificante nunha carreira de 5 anos.

Os profesores Pose e Tojo din que aceptar este plano sería xustificar o incumprimento da normativa.

O profesor Cidrás di que hai que saber analizar as excepcións. Coinciden nesa opinión os profesores Reigosa, Durany, Membiela e Mazaira.

O profesor Rodríguez Berrocal prefere normativa flexible e aplicación estricta e non o revés.

O Rector di que non debería repugnarlle á Xunta de Goberno a decisión sobre cuestións excepcionais que xurden da aplicación da norma. Debe opinarse en conciencia se se pode acceder a esta petición excepcional.

Sométese o plan a votación:

A favor	27 votos
En contra	1 votos
Abstencións	0 votos

Apróbase.

Plano de estudios de Licenciado en Química.

Os profesores Mazaira e Cidrás, membros da COAV, indican que foi aceptado o exceso de 9 créditos no total da titulación xa que parte do plano actual, que en termos de créditos supera os catrocentos créditos. Mencionan un escrito dos estudantes e unha alegación do Departamento de Enxeñería Química en desacordo coa desaparición da especialidade de Química Industrial que hai no actual plano de estudos. Explican que a COAV recomenda aprobar o plano e suxerir á Xunta de Titulación que elabore unha orientación máis (semellante á actual de Química Industrial), xa que a proposta que se presenta non chega ó número límite de orientacións posibles.

O profesor Reigosa di que o plano foi elaborado nunha Comisión do Centro na que as

áreas estaban representadas en proporción á troncaldade. A Xunta de Titulación aprobou por asentimento a proposta. Tódalas áreas de Química rebaixan a súa carga docente en relación á carga actual e a Xunta de Titulación entendeu que as que menos deben rebaixar docencia son as catro áreas clásicas de Química.

O profesor Legido, Director do Departamento de Física Aplicada, considera que non é bo que se rebaixen os créditos das áreas básicas de Matemáticas e Física. Manifesta o desacordo do seu Departamento con este plano e pide a súa devolución.

O profesor Bravo Fernández, Vicedecano da Facultade de Ciencias, di que este plano leva seis anos de debate e que está suficientemente estudiado. Di que as emendas foron puntuais agás o relativo á orientación de Química Industrial e que dada a actual estrutura das titulacións en España e sendo Enxeñería Química unha titulación independente, non é necesario incorporar esa quinta orientación, posibilidade que xa foi desestimada no seu día.

O profesor Sánchez Bermúdez, Director do Departamento de Enxeñería Química di que a actual especialidade de Química Industrial é cursada polo 45% dos estudantes e que hai capital humano e infraestructuras para impartila.

O Sr. Marino recorda as 299 sinaturas pedindo esa quinta orientación. Di que a Xunta de Titulación que analizou as emendas reuniuse 6 días antes de que foran proclamados os novos representantes dos estudantes. Opina que foi impedida a participación efectiva dos estudantes e pide que volva á Xunta de Titulación.

O profesor Tojo manifesta o seu acordo coa intervención do profesor Sánchez Bermúdez. Di que en moitas Facultades españolas foi transformada a antiga especialidade de Química Industrial na titulación de Enxeñería Química. Esta proposta de plano pretende matar esa semente. Rebaixar a carga docente de Enxeñería Química ten sentido se existe independentemente a titulación de Enxeñería Química.

O profesor Vilas opina que debe aprobarse o plano e non volver a Xunta de Titulación.

O Rector di que este plano de estudos foi tratado con exquisitez polo Vicerrector de Organización Académica e pola COAV e que é o momento de que a Xunta de Goberno tome un acordo. Recorda que a proposta da COAV é solicitar á Xunta de Titulación que incorpore esa quinta orientación.

A profesora Álvaerz Andrés pide que se teña esa exquisitez con tódolos planos de estudio.

Nun segundo turno de intervencións os profesores Reigosa, Tojo, Sánchez Bermúdez, Legido, Bravo e o Sr. Marino insisten nos argumentos xa expostos.

O profesor Cidrás di que unha posibilidade sería aprobar só o primeiro ciclo.

O profesor Tojo e o Sr. Carpintero non están de acordo e din que o plano pode esperar un ano máis.

O profesor R. Berrocal di que debe volver a Xunta de Titulacións e continuar despois coa súa tramitación en Xunta de Goberno e no Claustro. Considera non urxente a implantación no vindeiro curso e recorda que os outros dous planos de estudio do mesmo Centro (Bioloxía e Ciencias do Mar) non se implantarán.

A continuación formúlase unha votación nos seguintes termos (votación secreta):

- Proposta 1 (aceptar a proposta da Xunta de Titulación) 9 votos
- Proposta 2 (non aceptala, por entender que se debe incluír a orientación de Química Industrial) 25 votos.
- En branco 8 votos.

En base ó resultado desta votación propónse que: a Xunta de Goberno delegue na Comisión de Ordenación Académica e Validacións a aprobación e remisión ó Claustro do plano de estudos da Licenciatura en Química coa condición de que sexa incluída unha quinta orientación cun perfil semellante ó de Química Industrial da actual especialidade da Licenciatura en Ciencias Químicas. A nova proposta debe ser elaborada pola Xunta de Titulación antes do 4 de xullo de 2000. Sométese esta proposta a votación:

A favor	34 votos
En contra	4 votos
Abstencións	4 votos

Apróbase esta proposta.

O profesor Reigosa anuncia a presentación dun voto particular.

O profesor Corbacho pide que conste en acta que está en contra da delegación na COAV.

Planos de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial.

O profesor Fontenla, profesor da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial, critica o proceso seguido na elaboración dos planos na Xunta de Titulación, di que deben devolverse e aprobarse en Xunta de Centro para cumprir coa normativa.

O profesor Legido, Director do Departamento de Física Aplicada, di que hai unha mala ordenación temporal das materias, que a formación básica en Química, Física e Matemáticas queda reducida en exceso e que pode incurrirse nun incumprimento da normativa xa que un plano de estudos non pode impartirse antes da súa homologación e publicación no BOE.

O profesor Traveso, da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial di que as catro áreas clásicas de Química consideran que este plano é moi deficiente e que non se tiveron en conta os recursos humanos e materiais dispoñibles nin o custo da implantación. Non entende que argumentos se utilizaron para rexeitar certas alegacións. Solicita que se devolvan ás Xuntas de Titulación correspondentes e que se cumpla a normativa.

O Rector explica que en base ós artigos 84.c e 85 dos Estatutos e a partir dun informe da

Asesoría Xurídica ó respecto, a Xunta de Titulación é o órgano competente.

Os profesores Fontenla e Traveso insisten nos seus argumentos.

O Sr. Carpintero di que en Xunta de Centro foi tratado o documento final despois de varias sesións das Xuntas de Titulación.

Sométense a votación os 4 planos de estudio deste Centro (votación secreta):

Plano de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Química Industrial)

Proposta 1.- (Que se aprobe para a súa tramitación no Claustro)	18 votos
Proposta 2.- (que se retire)	3 votos.
En branco.-	7 votos.

Apróbase.

Plano de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Electricidade)

Si	21 votos.
Non	0 votos.
En branco	6 votos.

Apróbase.

Plano de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Electrónica Industrial)

Si	21 votos.
Non	0 votos.
En branco	6 votos.

Apróbase.

Plano de estudio de Enxeñeiro Técnico Industrial (Especialidade Mecánica)

Si	17 votos
Non	0 votos.
En branco	5 votos.
Nulos	3 votos.

Apróbase.

O profesor Pose di que os P.O.D. foron enviados ós Departamentos de acordo con planos de estudio aínda sen aprobar. Solicita que os planos non empecen a implantarse o vindeiro curso

para cumprir coa legalidade. Propón que se implanten no curso 2001-2002.

O profesor Corbacho coincide coa intervención anterior.

Punto 7.- Asuntos de Profesorado

Prazas BOE: Apróbanse por asentimiento as seguintes:

C01	080	TIT-UN	Pontevedra	---
T06	710	CAT-UN	Vigo	---
X02	165	CAT-UN	Vigo	---
X03	125	TIT-UN	Ourense	---

Visitantes: Apróbanse por asentimiento os seguintes:

- Dona Emilia Díaz Losada, coa categoría de TIT-UN, desde outubro de 2000 a setembro de 2001, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.
- Don Manuel Arias Estévez, coa categoría de TIT-UN, desde outubro de 2000 a setembro de 2001, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.
- Don José Eugenio López Periago, coa categoría de TIT-UN, desde outubro de 2000 a setembro de 2001, no Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo.
- Dona Gloria L. Marroco-Maffei Piccolo, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura.
- Don Robert Neal Baxter, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura.
- Don J. María Gras Lope, coa categoría de TIT-UN, desde 15-11-2000 a 15-12-2000, no Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente.
- Don Benigno Fernández Ferrero, coa categoría de TIT-EU, desde 15-11-2000 a 15-12-2000, no Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente.
- Don Maj-Britt Larka Abellán, coa categoría de TIT-EU, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente.
- Don Ubaldo García Palomares, coa categoría de TIT-UN, desde 01-02-2001 a 30-09-2001, no Departamento das Tecnoloxías das Comunicacións.
- Don Juan Antonio Hernández Corchete, coa categoría de TIT-UN, desde 1-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Dereito Público.
- Dona Nuria García Piñeiro, coa categoría de TIT-EU, desde 1-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Dereito Público.
- Dona M^a del Carmen De Villalobos Ortega, coa categoría de TIT-EU, desde 1-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Dereito Público.
- Don Isidoro Blanco Cordero, coa categoría de TIT- UN, desde 1-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Dereito Público.
- Dona M^a Anunciación Trapero Barreales, coa categoría de TIT-UN, desde 1-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Dereito Público.
- Dona M^a José Caride Estévez, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.
- Dona Eva Rodríguez Míguez, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.

- Don Philippe Polomé, coa categoría de TIT-UN, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.
- Don M^a José Vázquez Rodríguez, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.
- Don Juan Pintos Clapés, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.
- Don Antonio Molina Abraldes, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.
- Dona Arantza Murillas Maza, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Economía Aplicada.
- Don Pablo de Carlos Villamarín, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Inst. Económica.
- Don Francisco Javier Lores Insua, coa categoría de PP1, desde 01-10-2000 a 30-09-2001, no Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Inst. Económica.

* Transformacións: Apróbanse por asentimento as seguintes:

C04	045	Domínguez Martín, Jorge	de PP2 a TIT-UN interino
H04	320	Wenzel Strauss, Roland	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
H05	465	Cedan Caaveiro, Marina Susana	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
H05	695	Eguileta Franco, José María	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
H06	814	Veloso Ríos, Yolanda	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
H06	795	Suárez Briones, Beatriz	de PP1 a TIT-UN interino
T06	500	Busto Salgado, Guillermo	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
T06	500	Fernández Salgado, Juan	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
T06	500	Picos Martín, Juan	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
T06	505	Alonso Fernández, Francisco Rosendo	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
T06	505	Lorenzo Cimadevila, Henrique	de PP2 a TIT- UN interino
T07	520	López Fernández, Joaquín	de PP1 a TIT- UN interino
T12	560	Suárez González, Andrés	de PP1 a TIT- UN interino
T12	560	Rodríguez Rubio, Raúl Fernádo	de PP1 a TIT- UN interino
X01	740	X01-740-A6-01 (Plaza do 2º concurso)	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X01	805	Nogueiras Mascareñas, Luis Miguel	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
X01	805	Ricoy Lorenzo, M ^a Carmen	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
X02	130	López-Chaves Castro, Ignacio Javier	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
X03	135	Macías Sánchez, Joaquín	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X03	145	González Moreno, M ^a Beatriz	de PP2 a TIT- UN interino
X03	150	Gil del Campo, José Antonio	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
X03	150	Estévez Rodrigo, Arturo	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
X06	225	Álvarez Gómez, Julio	de ASOT3-P6 a ASOT3-P3
X06	225	Varela Puig, Ramón J.	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X07	230	Puime Guillén, Félix	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X07	230	Rey Lama, Miguel A.	de ASO T3-P3 a ASOT3-P6
X07	230	Domínguez Calvo, M ^a José	de PP1 a PP2
X08	415	González Savignat, María del Mar	de PP1 a PP2

X08	415	Manzano González, Baltasar	de PP1 a PP2
X08	415	De Miguel Palacios, Carlos	de PP1 a PP2
X08	415	Castro Rodríguez, Fidel	de PP2 a TIT- UN interino
X08	415	Viso Alonso, Augusto	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X08	415	Arroyo Perales, Javier	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X08	415	Lago Velando, Enrique	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X08	415	Pérez Torres, José Antonio	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3
X08	415	Novoa García, Santiago	de ASO T3-P6 a ASOT3-P3

Permiso: Apróbase por asentimento o seguinte:

- D. Julio Prada Rodríguez, dende o 01-07-00 ata 30-09-00

Punto 8.- Acordo sobre profesores PP1.

O Vicerrector de Profesorado di que hai 24 profesores PP1 que rematan o contrato o 30 de setembro.

Propón que se renove o acordo do curso anterior relativo ós profesores PP1, adaptandoo ó actual curso académico.

Apróbase por asentimento.

Punto 9.- Calendario do curso académico 2000-2001

Apróbase por asentimento. (Anexo IV).

Punto 10.- Regulamento de réxime interno da Escola Superior de Enxeñería Informática.

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Cambio de nome do Departamento de Linguaxes e Sistemas Informáticos: por Departamento de Informática.

Apróbase por asentimento.

Punto 12.- Os Premios Extraordinarios Fin de Carreira.

Apróbase por asentimento. (Anexo V)

Punto 13.- Nomeamento dos seguintes membros do Instituto de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de la Maza":

- D. Victor Giraldo Valdés Peña
- D. Luis Manuel Menéndez Fuertes.
- D. Juan Pablo Barrio Rodríguez
- D^a. María Alicia Valdés Peña

Apróbase por asentimento.

Punto 14.- Convocatoria de prazas e bolsas nas residencias universitarias.

O Sr. Carpintero pide que se corrixa o seguinte erro: debe dicir FPII onde di PFII.

O Sr. Marino pide que no punto C.3 se engada "no caso de non presentarse informes, enténdese que son positivos. A dirección terá obriga de entregar unha copia dos informes negativos no Vicerrectorado de Extensión Universitaria.

Apróbase por asentimento. (Anexo VI).

Punto 15.- As vacantes no sector de estudantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno quedan cubertas como segue:

Comisión de Asuntos Económicos:

- Alejandro Padín Losada (Facultade de Ciencias Sociais- Pontevedra)

Comisión de Investigación:

- Luis Miguel Gude Troitiño (Sección Delegada de Dereito- Vigo)

Comisión de Docencia:

- Iria Estévez González (Facultade de CC. EE. e EE. - Vigo)

Comisión de Planificación:

- Xiana Fernández Rodríguez (E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal)

- Miguel Loureiro Blanco (Facultade de Ciencias Empresariais- Ourense)

Comisión de Estudiantes:

- David Irago Abalde (E.U: de Enxeñaría Técnica Industrial)

- Nikole Pérez Mato (E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación)

Punto 16.- Rogos e preguntas:

A Sra. Corbacho Suso di que no xornal Redacción Xove aparecen ás veces informacións mal formadas que distorsionan a imaxe dos representantes dos estudantes. Roga que se protexa a imaxe dos mesmos e que a Universidade non financie este tipo de actividades.

O profesor Pose pregunta polo Almacén Central (responde o xerente que empezará a funcionar o vindeiro curso), polo edificio de Dereito e Empresariais de Ourense (está listo para ocupar), pola área de aparcamentos do Campus (se licitarán todos a finais de xullo) e polo edificio de Ciencias Sociais (estrenarase no vindeiro curso).

O Sr. González Fontenla incide no tema do xornal Redacción Xove.

A Sra. Arias Novoa pregunta se os representantes dos estudantes en órganos colexiados

teñen dereito a examinarse en data distinta da establecida se esta coincide con sesións dos devanditos órganos (respóndeselle que si).

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 22:00 horas, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co Vº e pr.do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo